

# ENTROIDO



Organiza:



Colaboran:

ASOCIACIÓN  
MUNICIPAIS DO  
CONCELLO DE ROIS



# ENTROIDO 2019. CONCELLO DE ROIS

A Concellería de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do Concello de Rois convoca un Concurso de disfraces que se celebrará neste municipio o sábado 2 de marzo e que se rexerá polas seguintes bases.

## BASES

**Primeira.** É obrigatoria a inscrición previa do conxunto de participantes nas dúas modalidades das categorías de comparsa/grupo. Realizarase nas oficinas do Concello de Rois cubrindo unha ficha de inscrición do luns 11 de febreiro ao mércores día 27 de febreiro de 9.00 a 14.00h. Tamén se poderá realizar neste mesmo prazo por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. Nos casos en que non se realice a inscrición nas propias oficinas municipais, obrigatoriamente deberá remitirse copia ao fax 981804182, con data límite ás 14.00 horas do mércores 27 de febreiro.

Nas inscricións, cada comparsa ten que nomear unha persoa representante, sinalando nome completo, NIF e teléfono de contacto de quen ha de asinar a solicitude e un compromiso de responsabilidade, así como entregar o certificado do número de conta bancaria e calquera outra documentación administrativa que se lle requira.

O resto das categorías tamén poden realizar a inscrición nos prazos e termos indicados anteriormente. Non obstante, poden inscribirse o propio día do evento antes da realización do desfile.

**Segunda.** No propio día da celebración, a organización entregará a todas as persoas participantes o número de dorsal, que terá que ser colocado nun lugar visible. Ese número corresponderase co da orde do desfile.

**Terceira.** Haberá cinco modalidades para participar neste concurso: infantil individual ata 11 anos, individual de 12 anos ou máis, parella, comparsa/grupo ata 15 membros e comparsa/grupo de 15 ou máis membros.

**Cuarta.** As/os menores de idade deberán estar acompañadas/os dunha persoa adulta durante todo o evento.

**Quinta.** As medidas das carrozas non poden superar as medidas do acceso ao polideportivo de Rois (1,60 m. de ancho x 2,00 m. de alto).

**Sexta.** Os premios serán en metálico, agás na primeira das categorías (infantil individual ata 11 anos) onde o importe do premio poderá corresponderse cun agasallo.

Estableceranse os seguintes premios por categorías:

Infantil individual ata 11 anos	Individual de 12 anos ou máis	Parella	Comparsa / grupo ata 15 membros	Comparsa / grupo de 15 ou + membros
1º 30€	1º 40€	1º 60€	1º 300€	1º 400€
2º 25€	2º 35€	2º 40€	2º 150€	2º 200€
3º 20€	3º 30€	3º 30€	3º 100€	3º 150€
4º 20€				
5º 20€				

**Sétima.** O xurado estará formado por un mínimo de 4 e un máximo de 6 persoas, nomeadas polo Concello e pertencentes a asociacións e entidades municipais ou persoas vinculadas ao mundo da cultura, artes, medios de comunicación, hostalaría ou participación cidadá.

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade, non discriminación e obxectividade. Valoraranse aspectos como a orixinalidade dos disfraces, a creatividade, a imaxinación e a posta en escena durante o desfile no polideportivo, reflexándose o resultado nunha acta levantada para os efectos á que se lle dará publicidade no taboleiro de anuncios do edificio multiúsos de Rois. A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado o estima oportuno.

**Oitava.** Todas e todos os participantes das categorías de comparsa/grupo, deben estar ás 17.00h diante do Concello de Rois para recoller e colocar o seu dorsal e, a continuación, desfilar ata o polideportivo de Rois. O resto das categorías participantes tamén poderán participar no desfile, aínda que non será obrigatorio. A actuación no polideportivo de Rois non poderá exceder de 10 minutos de duración, o contrario poderá supor penalización.

**Novena.** Os disfraces que recibiran algún premio no ano anterior non poderán ser premiados.

**Décima.** O Concello de Rois non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen as e os participantes deste desfile e concurso do entroido 2019.

**Undécima.** A participación neste concurso implica a aceptación plena destas bases. Queda en mans do xurado ditaminar calquera aspecto non previsto nestas.

**Roís, xaneiro de 2019**